

O Voceiro do Cruceiro



II Edición - Xuño '23



NACIMENTO DAS ONDAS DO
CRUCEIRO P. 6



REBECA ATENCIA P. 7
BAXI FERROL P. 9
CHELO LOUREIRO P. 10



ARTE MARIÑO P. 26


CEIP CRUCEIRO DE CANIDO
CURSO 2022-2023

Sumario



• SAMAÍN (1ª EP)	1
• VISITA DOS REIS MAGOS (6ºB EI)	2
• ENTROIDO (3ª EP)	4
• DÍA DE ROSALÍA (6ºB EP)	6
• REBECA ATENCIA (5ª EI)	7
• BAXI FERROL (1ºB EP)	9
• CHELO LOUREIRO (6ºB EP)	10
• SAÍDA AO ACUARIO FINISTERRAE (5ºB EI)	12
• GALA TALENT (4ºB EP)	13
• SAÍDA AO MUSEO DE HISTORIA NATURAL (2ºB EI)	14
• DÍA DO LIBRO (3ª EP)	15
• FERROL DA ILUSTRACIÓN (4ª EP)	18
• OS MAIOS (6ºC EP)	20
• EXCURSIÓN A MARCELLE (2ª EP)	21
• LETRAS GALEGAS (6ª EP)	22
• EXCURSIÓN AO GALIPARK (5ª EP)	23
• ERASMUS - VIAXE A GRECIA (6ª EP)	24
• DÍA DO MEDIO AMBIENTE (TIC)	26
• PROGRAMA TEI (5ºB EP)	27
• AULA MULTISENSORIAL (PT)	29
• TORNEO DE FÚTBOL (4ºB EP)	30

Sumario



• O TEMPO (6ª EI)	31
• PASATEMPOS (TIC)	32
• ADIVIÑAS (4º EI)	34
• RESEÑAS CINEMATOGRAFICAS (6º C EP)	35
• RECOMENDACIÓNS LITERARIAS (6º C EP)	36
• ENTREVISTA - ANDREA MACEIRAS (6º EP)	37
• AGRADECEMENTOS (TIC)	41

Samaín: mitos que dan arrepiados



No mes de outubro, os nenos e nenas do Cruceiro de Canido fixemos un libro de mitos do samaín. Cada curso tiña un mito que tiño que estudar, buscando e recollendo información, fotos e facendo unha descripción con todo isto fixemos o libro para amosar:

a coas a meiga CHUCHONA
as ballandeiras, etc.

PREME NO LINK OU
ESCANEA PARA VER A
PUBLICACIÓN DO
LIBRO

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcruceirocanido/node/905>





TRES REIS POR CANIDO

O PASADO 22 DE DECEMBRO
TIVEMOS UNHA DAS VISITAS
MÁIS ESPERADAS POLOS NENOS E
NENAS DO CRUCEIRO DE CANIDO.

AS SÚAS MAJESTADES OS
REIS MAGOS VISITARON
A NOSA ESCOLA.

COMO MANDA A
TRADICIÓN
CADA NENO/A
ESCRIBIU A SÚA
CARTA COS SEUS



NENOS/AS DE 5 ANOS B COAS CARTAS PREPARADAS.

DESEXOS MÁIS IMPORTANTES PARA
ESTE ANO 2023.



VISITA DOS REIS MAGOS AS SÚAS MAXESTADES DE ORIENTE VISITAN O CRUCEIRO



BALTASAR ENTREGANDO O AGASALLO A UN NENO DE 5 ANOS B.

UN A UN
FORON ENTREGANDO
A SÚA CARTA,
E OS 3 REIS
A CAMBIO
ENTREGÁBAN LLES

UN AGASALLO SORPRESA.

GRAZAS POLA VISITA E
AGARDÁMOG VOS O ANO QUE
VEN !!



OS TRES REIS MAGOS CO ALUMNADO DE 5 ANOS B.

"O ENTROIDO NO NOSO COLEXIO MOLA"

Este ano no Entroido os nenos e nenas do colexio disfrazáronos de Makakos, o mais para estilo de Fusal Mola.

O Makako é un monigote amarelo que comenceu a decorar as paredes da cidade xa en 2008, con primeiro grafiti na rúa Coruña, desde entón non para de medrar sen parar. Para mostra, os imaxes destes deseños que nos últimos anos teñen as referencias e os rúas fuxalés. O lema de Fusal Mola é of mplafo amarello na gai tempo que tamén están presentes fóra da nosa cidade, incluso no estranxeiro: Madrid, Porto, Fuerteventura, Berlín, Chicago... As pinturas, pegatinas e cartais protagonizados por este leñaca xa están en toda o mundo.

Todos os cursos do noso centro fomos disfrazados de diferentes deseños do Makako: con croqueta, rúa dolores, a

ENTROIDO

O ENTROIDO DO CRUCEIRO... "MOLA"

magdalena, o triángulo, o corcón... e participamos nas pasareiras. Desprazámonos polas rías de Fernel cantando e bailando para chegar a Brasa de Indisaxe e cantar todos xuntos unha canción adicada ao Entroido. Localmente regresamos ao colégio para celebrar un festival escolar, con nosas familias.

O Entroido ~~está~~ cargado de carácter irónico e reivindicativo, sobre todo na súa orixe, e non queremos revivir as ceitas tradicionais, facendo eco do que "molan as bibelísticas" na que queren reducir o seu horario e non poderíamos desfrutar delas toda o día.

Para ~~rematar~~ agradecer ao autor e creador das Molas as palabras que nos adicou "Here sinto-me como cando era pequeno na día de Reis. Fíxome muita ilusión ver a tantos ~~anakinos~~ na pasareiras disfrazados de "Ferral Mola Que ben o pasamos !!!

3ºB



Edición especial SASC

O NOVO PODCAST DO CRUCEIRO DE CANIDO

O CEIP Cruceiro de Canido realiza un podcast que se emite en Radio Filipispín.



O 23 de febreiro de 2023 nacero **As Ondas do Cruceiro** o podcast do CEIP Cruceiro de Canido. Este proxecto inicia para fomentar a fala do galegode formas novas.

A súa primeira edición centrouse en Rosalía de Castro. Polo día da muller cada ciclo fixo un episodio sobre mulleres importantes de Ferrolterra: Chelo Loureiro, o Baxi, Belén Toimil e Rebeca Atencia foron as nosas elixidas.


O noso vídeo máis visualizado é "Quen foi Rosalía de Castro?".

Agora o noso podcast emítese en **Radio Filipispín**.

Ademais dos anteriores episodios tamén fixemos capítulos coa temática das letras galegas e do patrimonio natural galego.

Con este podcast aprendemos e ensinamos, colaboramos en equipo e entrevistamos a famosos.

Esperemos que siga esta iniciativa e que teña aínda máis éxito.




PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITE
WWW.YOUTUBE.COM/@ASONDASDOCUCEIRO

UN SAUDO D'ENDE
O CONGO

ESTE ANO PARA CELEBRAR O
DIA DA MULLER COÑECIMOS
A REBECA ATENCIA

INVESTIGAMOS NA CASA
QUE ERA, UNHA
VETERINARIA DE FERROL QUE
COIDA CHIMPANZES NO
CONGO
A FAMILIA DE LOLA
COÑECIA A REBECA

E ESTA MANDOUNOS UN
SAUDO EN VIDEO DENDE
O CONGO PARA O NOSO
COLE.
FIXONOS MOTA ILUSION



MURAL SOBRE
REBECA



FALANDO
SOBRE REBECA
NO PODERÁ
ILUSTRAR
CON TO

BAXI

O 22 de Marzo tivemos a sorte de ter nos nosos colas a tres xogadoras do Baxi Ferrol. O alumnado do ciclo inferior pode ir nesta para a gravación dun podcast.

Ayudalas preguntando por:

- O 2 anos da xogadora de menor idade e a da de maior.

Ayudalas Baxi!!!



BAXI toda!!!

- Que máis traballa co equipo delas das rapazas.

- A idade da que adolta xoga dentro xogadora de baloncesto.

- Así preguntando a diferenzas de idade entre rapazas e homes xogando na mesma categoría.



Gerarais Anxela, Claudia e Marta
moza risata.

da
1º B

As Ondas do
Cruceiro

Chelo Loureiro no C.E.I.P. Canido

Chelo Loureiro visitou o noso cole! Unha compañeira nosa (familiar de productora) conseguíunos unha entrevista con ela. Chelo falounos dos seus anteriores traballos, comentounos acerca dalgunhas das súas películas (Unicorn wars, Vallentina...) Tamén agasallounos cuns posters e deixounos tocar un dos seus Goyas. Esta visita está relacionada cun traballo de mulleres ferrolás polo 8M. A entrevista está colgada na nosa canle de Youtube "As Ondas do Cruceiro".



POLOS MELLORES
PERIODISTAS
GALEGOS



Chelo Loureiro posando co
Goya.



VISITA AO ACUARIO FINISTERRAE



• FOTO DO GRUPO COM TONS DE HÉRcules O FONDO
O DIA 28 DE MARÇO OS MENOS
DEUS VISITAMOS O ACUARIO DA
CORUÑA.

PRIMEIRO OBSERVAMOS
AS FOCAS, VEGA, ANITA ELUCIA
TIÑAN O MESMO NOME QUE
AS NOSAS COMPIS
NA SALA NAUTILUS

ACUARIO FINISTERRAE

VISITA DO ALUMNADO DE INFANTIL AO ACUARIO



SALA NAUTILUS

CONECTAMOS A
GASTON.

NO RESTO DAS
PEÇEQAS
ESTAMOS
AS MANTAS
RAIA AS
ESTRELAS DE MAR

OS CABALINHOS DE
MAR

PAPASO OU NEMO.
E PARA REMATAR TOMAMOS A
MERENDA O
SOL. PASÁMOLO
XENIAL.



. TOCAMOS A ESTRELA

Gala talent

O 29 de marzo os nenos e nenas do Cruceiro de Canido participaron nunha gala musical, bailaron moitas cancións: Me Enamore', Nochentera, Mi Cintura e moitas mais, pero a mais alegre foi o Sapito. É un baile moi divertido. Os nenos/as de 4ºB foron os que o bailaron aínda que animáronse os dos demais cursos e tamén os profes. Ademais algúns nenos e nenas tocaron instrumentos como por exemplo, Julia o piano, Iván e Sara a frauta traveseira... Os espectadores tiñan uns carteis para apuntar a nota das actuacións.

¡O PASAMOS MOI BEN!



VISITA AO MUSEO DE HISTORIA NATURAL

Visita ao Museo de Historia Natural

No mes de abril, as clases de 1º e 2º fomos ao Museo de Historia Natural de Ferrol.

Encantámonos a visita ao museo, sabedes que hai unha balsa que atopara na provincia de Loga? Xa vedades que cousas máis chulas!

Cando entramos vimos uns cráneos e esqueletos de cervos, corzos e xabalis. Aprendemos que os corzos do cervo macho crecen cando o cervo tamén medra.

Tamén vimos unha pitón africana que atoparon en Naron, pero en realidade era de África. No museo estaba o esqueleto, a pel estirada e unha maquieta. A serpe era enorme, pero imaxinamos era dúas máis pequenas. Ademais este tipo de serpe non ten veneno porque premem ás súas para poder comelas.

Despois, vemos uns troncos de árbores chamadas Sequoias. Tiñan anos nos troncos e grazas ás aneis sabemos cantos anos viviron. Tamén ensináronnos que fíxeron de fexón e de felos, cráneos e ~~excrementos~~ excrementos e ~~excrementos~~ excrementos de amimuis. ~~Excrementos~~ Excrementos, os excrementos non caen d'axa amimuis. ~~Excrementos~~ Excrementos.

había excrementos moi raros con pelo, porque os animais comían outros animais con pelo e cráneos moi pequenos.



A seguinte que

Vimos foron as gullas. Despois, ensináronnos unha lora xigante. Aprendemos que as loras xigantes poden medir ata 20 metros. Sabedes que para conservar a lora e outros peixes usan alcohol?

Por último, rematamos a visita co esqueleto de Adán e contáronos que medía ata 18 metros e que o cecropo comía os loras xigantes.

Recomendámonos que vinades a este museo de Historia Natural porque ide aprender moito!

Ata a proxima!



Día do libro

Todos os anos o día 23 de abril celebramos o "Día do libro".

Este ano fixemos unha chea de actividades ao longo da semana porque é un día que nos gusta moito.

As profes sempre nos falan do importante que é ler: viaxas a sitios increíbles, vives aventuras impensables, coñeces personaxes interesantes... e gozas co que les.

O equipo de biblioteca é o que se encargou de propoñer as actividades.

O primeiro que fixemos foi gravar un podcast para "As Ondas do Cruceiro". Para elo aprendimos quen foi Miguel de Cervantes, vimos videos sobre a súa vida e lemos un anaco da súa obra máis importante: "El Quijote".

Cando xa o tiñamos aprendido, puxemos moito empeño en que nos saíra perfecta a gravación.

Os de quinto contáronnos que eles o fixeran de William Shakespeare, o escritor máis importante da

lingua inglesa, porque lles gustaba moito aos profes de inglés.

Tamén participamos nun concurso de relatos e poesía. Entregamos os nosos traballos e agardamos, moi nerviosos, a que chegara o día da entrega de premios. Pero como o importante é participar, todos e todas recibimos un diploma.



Ese día, baixamos, todo o colexio, a facer a "hora de ler" todos xuntos no patio. Estivemos moi a gusto e nos fixo moita ilusión compartir eses momentos de lectura.



Ademáis destas actividades fixemos un mural no que manifestabamos que era para nós ler. Sairon moitas ideas interesantes.



Foi unha semana xenial!

FERROL DA ILUSTRACIÓN

XUNTANZA NA PRAZA DE ARMAS PARA BAILAR O MINUET

A ILUSTRACIÓN

CHEGA

#

FERROL

Os membros do Cruceiro de
Cenido participamos no "Peto Ilustrado"
organizado polo concello de Ferrol.
Tivemos que aprender algúns pasos
do baile Minuet.

Despous acuntamocias na Praza de
Armas para realizar o baile cos
demais coleccionistas que participaron. Ao andar
fazemos un desfile por Ferrol e voltamos ao
colle.



FERROL DA ILUSTRACIÓN

XUNTANZA NA PRAZA DE ARMAS PARA BAILAR O MINUET

Agora contaremos algúns datos:

MINUET

É un baile tradicional do século XIX da época da ILUSTRACIÓN, no que os homes e as mulleres bailaban por diversión.

É un baile máis elegante.




ANÉGDOTAS

Veu moita xente á praza e todos os colexios de ferrol. Fixo moitísima calor e un nenro desmaiouse. Como facía tanta calor rezaláronos un abano.

TRAXE

As mulleres levaban unha saia con capata, un accesorio no pescozo, e uns brazaletes. Os homes levaban uns pantalóns, un cintó e coma as mulleres un accesorio no pescozo e uns brazaletes. Tomar leváramos todas unha coroa de flores.



OS MAIOS

Por que se celebran os maios?

Os galegos celebraban a chegada da primavera e o fin do duro inverno e favorecían así a obtención de boas colleitas.

Que son os maios en Galicia?

Os maios son o nome dunha festa popular galega que forma parte do chamado ciclo de maio, época de exaltación da natureza a principios da primavera, cuxas orixes remóntanse a pre -Civilizacións romanas... Adoita celebrarse arredor do 1 de maio.

Como se celebran os maios no cole?

Bailamos as cancións que fixo o coro e cantamos outras cancións que están feitas pola profe de música. Ademais colocamos flores de moitas cores no noso propio maio.

Que nos gusta dos maios?

Que cantamos e bailamos todos xuntos e perdemos clase.

Escrito por: Guillermo Álvarez, Gala Fernández, Daniela Porcel e Miguel Riobó

EXCURSIÓN A MARCELLE

MARCELLE

O día de maio, mércores, as clases de primeiros e segundos fomos a MARCELLE.

As nove da mañá collimos o autolees. Para facer a lista ^{fomos grupos} cada un tiña unha pegatina con un animal diferente.

Pela mañá fomos ao bosque, alí había lobos, cervos, zores, muflones e incluso a casa dun anaco.

Despois de comer podemos ver a venda animais un rato, como cebras, macas, caprinas, pascos, peais...
Incluso falamos cos subicotos!

Unha das cousas que máis nos impresionou foi que os ovos dos que nacen os Emus son secos e encarnes!

Marcelle é xenial, esta variedade de natureza ~~en~~ os animais están moi coidados! Queremos volver!



Francisco Fernández del Riego

Nado o 7 de xaneiro de 1913 en Lorenzá, Lugo e morto en Vigo o 26 de novembro de 2010.

Foi un escritor, intelectual e político español, que na década dos 30 fixo un gran traballo a favor da cultura galega e foi un dos fundadores da Editorial Galaxia




Dirixiu dentro da editorial a Revista Grial, onde tamén escribía artigos.

No ano 1960 ingresou na Real Academia Galega e no ano 1997 foi o seu presidente.

En 1995 dona a Vigo a súa colección de libros, constituíndo así a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego

Destacan os seus ensaios sobre a cultura e literatura galega "Galicia no espello" ou "A xeneración Galaxia e extranxeiras".

Ademáis cultivou a narrativa "O cego de Pumardedón" e a literatura de viaxes "O camiño de Santiago de Galicia"



De Carido a Padrón: os nenos e nenas de 5º e 6º van de excursión

O pasado xoves 18 de maio os nenos e nenas do terceiro ciclo de Primaria foron de excursión de fin de curso ao Galipark, ubicado en Padrón. Chegaron alí sobre as 11 da mañá.

Ao chegar os monitores dividíronos en dous grupos (vermello e azul) e explicáronlles as normas do recinto. Todos pasaron por varios xogos: tiro con arco, láser tag, inchables, piscina con deslizador, circuito de altura, rocódromo e tirolina.

As actividades máis existosas foron a piscina, a tirolina e o láser tag. Víronse diversas técnicas de utilizar o deslizador nas que destacaban a croqueta, de espaldas e en grupos. Debido ao sol dese día algúns alumnos e alumnas queimáronse e outros problemas. Había tres tirolinas, unha pequena despois do circuito de altura; unha mediana, que non foi utilizada; e unha grande, á que podías escalar por un rocódromo e por unha escaleira.

A maioría do alumnado coincide en que o que daba máis medo era que cando chegabas alí arriba a plataforma tambaleábase. Ademais destas actividades os nenos e nenas comeran alí, xogaron ao fútbol e tumbáronse nunha hamaca xigante. Tamén había unha cafetería para comprar xeados e diferentes aperitivos doces e salgados.

Foi un día xenial, aínda que no autobús de volta algún alumnado que quería durmir non puido facelo a causa das cancións dalgúns compañeiros e compañeiras.



ERASMUS – VIAXE A GRECIA



VIAXE GRECIA

Hai unhas semanas viaxamos a Grecia grazas a un proxecto Erasmus+, fuimos 4 nenas e 3 profesores, foi moi divertido e unha experiencia nova.



PRIMEIRO DÍA

O primeiro día estabamos moi nerviosas e emocionadas. Tivemos moitas horas de avión, e chegamos a Atenas moi cansas, deixamos as maletas no hotel e fuimos a dar un paseo pola cidade.



DÍA 2

Segundo día visitamos Acrópois de Atenas. Un guía, chamado Juan Eduardo explicounos toda a historia do Acrópolis. Ese mesmo día collimos un avión a Tesalónica para o día seguinte ir a Edessa, o pobo do que eran as persoas do Erasmus+



DIA 3

O luns visitamos a Torre Blanca de Tesalónica e algúns museos; ao final do día collimos un bus hacia Edessa, o pobo no que vivían as persoas gregas do Erasmus.



ERASMUS - VIAXE A GRECIA



DÍA 4 E 5



DÍA 4 E 5

O resto dos días estivemos en Edessa visitando o colexio, unhas termas naturais e unha praia.

DÍA 6 E 7



O sexto día, o venres, visitamos uns monasterios no alto dunha montaña.

Á noite, collimos un autobús hacia Tesalónica, porque ao día seguinte colleríamos un voo para volver a España. O último día, as cinco de la mañá, fuimos ata o aeroporto de Tesalónica. Estivemos moitas horas ahí, ata que collimos os avións para volver e cando chegamos a Coruña, os nosos familiares viéronnos buscar.



ANÉCDOTAS

Temos moitas anécdotas do viaxe algunhas delas son:

- Cando Sara parou a cinta das maletas , e Paula casi se queda sen maleta
- Cando a Paula e a Amanda picoulles unha pequena medusa na praia.
- Cando a un neno portugués lle gustaba Sara, pero a Sara non.
- Cando as nenas preguntabanos os nosos números de teléfono.



5 de xuño

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE



Saída á praia de Doniños en misión especial

Co gallo do Día Mundial do Medio Ambiente e dentro do abano de actividades desenvolvidas no marco do noso proxecto de centro "Coñece Ferrol", o pasado mércores 14 de xuño saíron en misión especial os nenos e nenas de Educación Infantil, 1º e 5º de Educación Primaria.



Imaxe da recollida de lixo na praia

Formación previa

No mesmo areal, todos os nenos, nenas e mestras recibiron unha formación previa da man da bióloga Isa García da Asociación RetoqueRetro en torno a tres eixes: a procedencia dos residuos que chegan ao mar, a importancia de non contaminalo e as medidas que podemos tomar para coidar deste espazo.

Ataviados con bolsas para o lixo e luvas, dispuxéronse a recoller e deixar libre de plásticos a praia de Doniños, un dos areais máis visitados por todos/as os/as ferroláns e ferrolás, así como por turistas, especialmente os/as amantes do surf.

RetoqueRetro 





QUE É O TEI?

TEI significa Tutoría entre iguais. É un programa de convivencia para a prevención da violencia e o acoso escolar.

QUÉ ROLES HAI?

Titor/a: é a persoa de referencia ao que acudir.

Colaboradores: estas persoas axudan ao titor/a.

Os titores e colaboradores son nenos e nenas de 5º de primaria.

Titorizados: os nenos e nenas de 3º de primaria.

É totalmente voluntario pero neste curso escolar todos quixemos participar.

COMO SE PON EN MARCHA?

Formación para os titores, colaboradores e titorizados con

Eva a nosa orientadora.

Nomeamento dos titores e colaboradores.

Entrevistas cos titorizados para coñecerse e ir collendo confianza.

Durante nos recreos era o momento no que funcionaba principalmente o TEI empregando algún outro momento se a situación e requirira.

Os titores intentaban xestionar os problemas coa axuda dos colaboradores pero se por eles mesmos non eran capaces de resolvelo podían acudir a Eva ou as titoras.

CALES SON AS FASES DO TEI?

1. Formación 3º e 5º.
2. Nomenclamento titores e colaboradores.
3. Entrevista aos titorizados
4. Realización das actividades
5. Coestonarios para a avaliación

QUE TEÑEN QUE FACER OS TITORES!

- 1º Ofrecer axuda: especialmente ao seu titorandofa pero en realidade a calquera persoa que identifique nunha situación de desventaxa, desequilibrio ou desigualdade.
- 2º Ser un modelo de referencia: unha guía positiva na que os outros nenos e nenas poden confiar e apoiarse.
- 3º Non favorecer a "lei do silencio": non gardar o secreto de actos que supoñen un abuso.

QUE COUSAS TRABALLAMOS?

- Comprensión
- Confianza
- Empatía
- Agertividade
- Escrita
- Respeto
- Confidencialidade
- Responsabilidade



NOVA AULA MULTISENSORIAL NO CRUCEIRO

Este curso escolar púxose en marcha a aula multisensorial no noso centro. O Departamento de Orientación foi o encargado de formarse e de preparar dito espazo, que está dotado de múltiples e variados materiais.



QUE SON AS AULAS MULTISENSORIAIS?

Estas aulas, tamén coñecidas como Snoezelen, son espazos destinados a que os alumnos e alumnas interactúen co medio a partir dos seus sentidos, pasando a ser os protagonistas da súa aprendizaxe, xa que todo se desenvolve a través do seu propio descubrimento, explorando e experimentando. As mestras preparamos aqueles materiais e tarefas que queremos que o alumno traballe e o deixamos facer, estando sempre de apoio para o que precise.



A NOSA AULA

Está ubicada no segundo andar e foi deseñada por espazos, de xeito que en cada un deles poidamos traballar un sentido. Contamos cun panel e un chan de texturas; un panel de motricidade fina; mesa de luz con diferentes ferramentas e xogos para traballar nela; moitos materiais sonoros (timbres, campás, instrumentos...); luz negra; proxector de parede, lámpada de auga e peixes; colchonetas; xogos olfativos... Cómpre destacar a gran piscina de bolas coa que contamos e que supón un dos maiores reclamos para o alumnado que xa acudiu á clase.

Para levar a cabo a montaxe e a súa posterior posta en práctica, recibimos varias formacións e visitas a diferentes centros para visualizar as aulas das que alí dispoñen, así como as súas utilidades.

É un aula para usar de forma individual ou en pequeno grupo co fin de sacarlle o máximo proveito posible. Desexamos que, a partir do vindeiro curso, sexan cada vez máis alumnos e alumnas os/as que poidan gozar deste espazo, xa que é un verdadeiro luxo poder contar con ela no noso centro, por non dicir a calma e o paso a un ambiente completamente diferente que supón entrar nela.

Torneo de Fútbol

O torneo foi organizado polos profes do Cruceiro de Capodia. No torneo participaron todos os cursos de primeiro ciclo, segundo ciclo e terceiro ciclo. Do segundo ciclo 3ºB era o líder do grupo pero no último partido 4ºB ganoulle 3-2. Unha anécdota do porteiro de 4ºB, Millán, non tiña o zapato ben amarrado e saíulle o zapato voando. 4ºB chegou a final e tamén 6ºA. Gañaronlles aos profesores. Os profesores dicían que habían quedado empate con 4ºB pero 4ºB dicía que o profesor Pablo fixo un gol coa man para marcar así que en realidade quedaron 1-0.



O TEMPO

O SOL






O MIRADOR DE MONTEVENTOSO FOI A ESTACIÓN METEOROLÓXICA MÁIS PRÓXIMA A FERROL AGORA OS SEUS DATOS REOCCUPAN O SEU LUGAR.




A LÚA




CURIOSIDADE METEOROLÓXICA





Solución



Solución



SOPA DE LETRAS

PRAIAS DE FERROL



DONIÑOS

FRAGATA

VILAR



ESMELLE

PONZOS

SARTAÑA





SANTA COMBA

BOTES


SAN XURXO




ADIVIÑAS




OPA AÍ,
CANIDO. A VER SE
ADIVIÑAS!




CAL É O ANIMAL
QUE ANDA POLA
SELVA DE XIRA
MUSICAL?




BLANCA POR DENTRO, VERDE
POR FUERA, SI QUIERES
SABER SU NOMBRE,
ESPERA!



CANDO CHOVE E VAI
SOL, POÑO O CEO DE
CORES, QUEN SON?



CÁZANO OS GATOS E
QUÉRENO AS RATAS;
ÚSASE NO
ORDENADOR,
QUEN É?



SON UNHA PLANTA,
CUNHA FLOR,
QUE XIRA E XIRA
BUSCANDO O SOL.



Reseñas cinematográficas de 6º C

"Stranger things"

Nunha localidade de Indiana chamada Hawkins. Todo parece transcurrir ben nesta cidade cando Will Byers, un xove de 12 anos, desaparece misteriosamente. Todos preocupáanse por Will e todos comezan a buscallo. Neste momento aparece Onze, unha nena que escapouse dalgún lugar descoñecido, que se encontra en shock por lo que no consegue dicir nada y que, además, pose uns extraños poderes telequinésicos que a fan sangrar por la nariz ao usalos.

Recomendo esta serie porque é moi entretida e se che gusta a intriga é perfecta para ti. A serie tamén ten un pouco de ciencia ficción e bastante humor. É moi bonita e alucinante.

"Avatar 2"

Jake Sully, ou protagonista, vive coa súa nova familia formada non planeta Pandora. Unha vez que unha ameaza familiar regresa para terminar ou que se iniciou anteriormente, Jake debe traballar con Neytiri (a muller de Jake) e ou exército dá raza Na'vi para protexer ou seu planeta"

Recomendamos esta película porque é moi bonita, creativa e os personaxes están moi ben feitos. Xera intriga polo que dan ganas de vela, a súa trama está moi ben pensada e os efectos especiais son unha pasada. Nós a recomendamos ver en 3D porque se ve todo de preto, ata parece real e gózase máis.

"Pecado Original"

Yildiz, a protagonista, soña con atopar un home con cartos e ter unha vida rodeada de luxos, polo que acepta unha proposta de Ender, unha muller que lle ofrece traballar na súa casa para seducir ao seu marido. A moza acepta, por sospeitosa que sexa a petición.

Mentres tanto, Zeynep é unha moza máis honesta e soña con atopar o amor verdadeiro e non unha vida ostentosa como a que quere a súa irmá. Terá que lidiar con Alihan, un mozo guapo pero egoísta, director dunha gran empresa, co que vivirá moitas cousas.


"Modern Family"

Esta serie narra a vida de Jay Pritchett e a súa familia, todos os veciños do mesmo barrio ás aforas de Los Ángeles, e xira en torno a tres tipos de familia: nuclear, estendida e con pais do mesmo sexo.

Recomendamos esta serie porque amosa moitas familias diferentes dun xeito moi divertido.

Ademais cada personaxe é gracioso e inxenioso á súa maneira.

Escrito por: Gerardo Álvarez, Amanda Carreño,
Elba Paz e Daniela Román



Recomendacións literarias de 6º C

"Volveras Golfiño"



A familia de Iris vese obrigada a mudarse á casa do avó na Costa da Morte, ao noroeste de Galicia. Alí, Iris pasa as longas tardes de verán visitando o inquietante arenal de Trece e o faro de Cabo Vilán, que advirte de perigos invisibles. Algo oscuro se esconde no baúl que Iris descubre no desván da casa familiar, o cal leva o seu nome escrito de forma inexplicable. É un libro moi entretido polos seus misterios que te terán enganchado e non poderás parar de leer hata descubrir os misterios.



"100 pasos para la ciencia que cambiaron el mundo"

Un fascinante álbum ilustrado para coñecer os descubrimentos e inventos que cambiaron o mundo. A nós encantounos porque permite coñecer moitos inventos que nos axudan día a día e nos que moitas veces non reparamos. Axuda a saber un pouco máis da ciencia dunha forma entretida e está cheo de ilustracións fermosísimas.

"El hámster desaparecido"



Trátase dun libro puzzle no que terás que encaixar todas as pezas para resolver o misterio do hámster Dumbo que desapareceu en extrañas circunstancias. As pistas levan a un niño de serpes, que pasaría? Este libro tívonos enganchadísimo, non contamos máis para non destrípalo, pero recomendámolo moitísimo se vos gustan os libros de misterio e os acertixos.



A la m**rda la bicicleta

Javier, un rapaz de catorce anos que vive no campo e ama o seu entorno, convértese no novo «amigo dos animais» nun programa da televisión. Pero ninguén conta con que poda tener ideas propias que poñan en perigo os plans dos adultos. Recomendamos este libro porque é moi sorprendente, conta unhas aventuras moi entretidas e podes pasar un bo anaco lendo.

Escrito por: Marcos Gasalla, Adrián Jamardo, Mario Liñares e Antonio Román.

CARTA AOS AMIGOS E AMIGAS DO CRUCEIRO CANIDO

Queridos amigos e amigas do Cruceiro Canido de Ferrol:

Moitas grazas por enviarme esta entrevista e polo voso interese na miña obra e na miña traxectoria. Grazas tamén á vosa profesora Judith por facer posible que me chegase a vosa mensaxe. Vexo que tedes unha morea de preguntas, todas elas moi interesantes e ben pensadas. Así que vou respondervos a esta estupenda entrevista:



1. A que idade comezaches a escribir?

Empecei a escribir nos últimos cursos da primaria. A culpable? A miña irmá pequena. Sempre nos gustou moitísimo ler, especialmente libros de aventuras e de medo. Polo seu aniversario, eu adoitaba agasallarlle un conto que escribira. A ela encantábanlle os meus contos e así foi como comecei a escribir e mesmo a facer as miñas pequenas edicións rústicas, con debuxos e cosidas a man. Cando comecei o instituto, presentei-me a algúns premios literarios como o do meu concello, Cambre, que me animaron a seguir avanzando na literatura. E xa no 2007, durante a carreira, publiquei a miña primeira novela, *Proxecto bolboreta*.

2. De pequena, xa querías ser escritora?

Sempre soñei con ser escritora, xa desde pequena. Ademais diso, quería ser profesora e arqueóloga. Como tamén traballei un tempo de profesora, creo que cumprín dous dos meus tres obxectivos.

3. Por que empezaches a escribir?

Para min a literatura é unha ponte. Dun lado está quen le, do outro quen escribe. No medio, o río das letras. Creo que é moi fácil que, se che gusta ler, queiras atravesar esa ponte. Todos os seres humanos necesitamos historias, vivimos arredor delas desde o comezo da nosa especie. É algo natural para nós querer coñecer o que lles pasa aos outros e ás outras, o que acontece noutros lugares, o que reflicte o que levamos dentro. Para min escribir é unha parte indispensable na miña vida. Non sei se

ENTREVISTA Á ESCRITORA ANDREA MACEIRAS

me axuda a explicala, pero desde logo si a descubrila en toda a súa amplitude. Creo que empecei a escribir por ese motivo, para dar máis sentido e profundidade a todo o que me rodea.



4. En que te inspiras á hora de escribir os teus libros?

Diría que en tres eixos fundamentais: as miñas viaxes, o mundo que me rodea e as historias que me contan.

Para min viaxar parécese moito a ler e a escribir, no sentido de que son tres actividades que amplían o meu horizonte. Nas miñas viaxes de interrail inspírase *Europa Express*. Outras historias como *Alma de elefante* están baseadas en experiencias que me aconteceron visitando outros países, neste caso un debuxo que atopei nos templos de Angkor en Cambodia. E hai outras que nacen de paisaxes máis próximas, como *Volverás, golfiño*, que se centra na Costa da Morte.

Canto ás historias que me conta a xente, hai veces que me parece que ocultan novelas dentro. É o caso de *O que sei do silencio*, novela sobre acoso escolar que se basea nun relato real que me contaron. Tamén de *Miña querida Sherezade*, inspirada nun exemplar que aínda conservo de Las mil y una noches do que miña avoa me falaba moito porque fora un agasallo especial, traído de Cuba, que chegou a ela a través dunha amiga da infancia.

Outros libros nacen da vida cotiá, do que nos rodea: a prensa, o que vexo ou escoito en calquera lugar, como nun autobús ou nunha cafetería. É o caso de *Que me pare o corazón se te esquezo*, que xorde dos titulares de prensa relacionados cos retos virais ou de *Nubes de evolución*, que ten lugar nunha estación de autobuses pola que eu pasaba acotío.

5. Algún libro teu foi rechazado por algunha editorial?

No meu caso, o máis complicado foi lograr traducir a miña obra do galego a outras linguas e nese sentido si que houbo algunha editorial que non estivo interesada en facelo. Traducir é algo complicado porque a obra xa está previamente publicada noutro idioma.

6. Como elixes aos ilustradores?

Normalmente os ilustradores/as son escollidos pola editorial en función do estilo que máis se adapte á historia que se conta na novela.

7. Cal foi o libro que máis tardaches en escribir?

Todos os libros requiren de moito tempo de pescuda, escrita, rescrita e correccións, pero creo que os que máis tardei en escribir foron *O que sei do silencio* e *Que me pare o corazón se te esquezo*.

Son obras con temas complexos e delicados nas que investín tempo e esforzo porque quería un resultado realista e verosímil. De todos modos, para min os procesos de creación son longos en xeral.

8. Cal é teu escritor ou escritora favorito/a?

Non sabería cal escoller. Gústame moito ler e quedar cunha soa voz sería imposible.

9. Pensas seguir escribindo nun futuro?

Sen lugar a dúbidas. Mesmo aínda que, polo motivo que fose, deixase de publicar, seguiría escribindo para min porque é algo que me acompaña desde que teño memoria e que me axuda en todas as facetas da vida.

10. Colaboras co teu ilustrador para facer os libros?

Na meirande parte dos casos, si que estou en contacto cos ilustradores e ilustradoras que dan corpo ás miñas obras e adoitamos ter comunicación, pero son eles e elas quen fan todo o traballo. Eu podo solucionar dúbidas ou dar o visto bo, mais o certo é que adoitan ser moi profesionais e forma en que imaxinan as miñas palabras polo xeral é moi acertada.

11. Cal é o teu xénero favorito para ler e escribir?

Creo que o que máis me gusta son as novelas de intriga, sempre que incorporen certo compoñente emocional, é dicir, que non se centren nunha trama fría e carente de sentimentos. Paramin o fundamental nunha historia é algo que eu chamo “envolvencia”: que me transporte, que me evada, que me envolva como unha burbulla e me suspenda da realidade o tempo que dure a lectura.

12. Gústache máis escribir en galego o en castelán?

Habitualmente escribo en galego, a miña lingua. Porén, é certo que as traducións a outros idiomas son moi importantes porque permiten chegar a máis lectores e lectoras, o cal é un dos meus soños neste momento.

13. Inspiraste na túa vida para facer os personaxes?

Non de maneira directa, pero todos os autores e autoras escribimos inmersos nunha realidade e nun contexto, o noso propio. Por este motivo é imposible que o que temos ao redor non se filtre, dun modo ou doutro, nas nosas historias. Non me inspiro na miña vida nin na xente que teño preto dunha forma consciente, pero de xeito inconsciente si que aparecen reflectidas algunhas veces experiencias, emocións ou situacións con base real nos personaxes que creo.

14. Cal é o teu libro favorito?

De igual modo que me resulta imposible elixir un escritor ou escritora favorita, non podo



ENTREVISTA Á ESCRITORA ANDREA MACEIRAS

quedar só cun libro. Paréceme que sería moi triste. Gústanme moitas obras, distintos xéneros, penso que cada momento da miña vida atrae distintas lecturas e que de seguro no futuro chegarán outras novas que aínda non descubrín. O meu libro favorito depende do momento, da situación, dos factores externos e internos.

15. O libro “Conta nove estrelas” chamase así por ser o teu noveno libro?

Non, iso foi unha coincidencia porque eu non sabía que ía ser o meu noveno libro. Escribino antes de saber en que lugar se publicaría. Ás veces a literatura ten estas casualidades.



16. Por que decidiches facer a Quepi tan diferente? Sénteste identificada con ela?

Quepi é un dos personaxes máis especiais para min de toda a miña obra. Hai algún máis, como Lawen, unha das protagonistas de *Alma de elefante*, que tamén o é. Gústanme os personaxes distintos, especiais, raros e mesmo un pouco solitarios desde nena. A miña obra favorita na infancia foi *Matilda*, que tamén conta a historia dunha nena singular. Hai algo no que é distinto que me resulta atraente e gustárame que máis xente pensase o mesmo: que o diferente é riqueza, que hai que valoralo, que só a través do coñecemento do que é distinto chegamos a sentimentos amplos como a empatía e ao coñecemento profundo do mundo e de nós mesmos e nós mesmas. Que todos e todas temos espazo e lugar para ser, existir e aportar e que, cando este non exista, sempre pode ser creado desde un pensamento plural, aberto, construtivo.

17. Por que creaches aos Bobos tan destrutivos e tan adorables á vez?

Os bobós están inspirados nunha gata que adoptei. É branca e adorable coma eles. E, cando chegou a casa (xa era adulta) foi igual de destrutiva. A gata viña dunha vida complicada e estaba enfadada co mundo. Con cariño, paciencia e moita adaptación, conseguimos entendernos e agora, mentres escribo estas respostas, está ao meu carón sobre a mesa. Ás veces detrás da destrución só hai incompreensión, medo e soidade. E, sexamos como sexamos, mesmo un pouquiño destrutivos, como os bobós, sempre hai un lugar, unha profesión, unha situación, que agarda por nós porque cada característica das que consideramos “defectos” pode ser transformado nunha habilidade se sabemos aproveitalo. Todo depende do punto de vista.

18. Podías adiantarnos de que vai tratar o teu próximo libro?

Acabo de publicar *Niño y jaguar*, unha novela de aventuras que acontece na selva amazónica.

ENTREVISTA Á ESCRITORA ANDREA MACEIRAS

Tumi, un neno da tribo Ywatse, recibe a visita de Balam, un xaguar, en soños. Así sucede desde o comezo dos tempos: todos os guerreiros da tribo Ywatse ven aos seus xaguars mentres dormen e estes devoran o medo dos seus corazóns, afastando os pesadelos. Pero Tumi non é máis que un nenoe Balam tan só un cachorro. É demasiado cedo. E isto significa que hai un perigo que ameaza a selva.



19. De todos os que escribiches, cal é o teu personaxe favorito?

Resúltame difícil escoller, teño varios. Quepi de *Conta nove estrelas*, Lawen de *Alma de elefante* e Elisa de *O que sei do silencio poderían ser algúns deles*.

20. Que che gusta facer no teu tempo libre?

Ademais de escribir e ler, encántame viaxar e o contacto coa natureza.

21. Cal é a túa autora favorita na actualidade? E cando eras pequena?

Por sorte, teño e tiven moitas autoras favoritas. Imposible escoller só unha!

22. E agora a nosa pregunta característica: gústanche os pementos de Padrón?

E a quen non? Son unha delicia! Neste momento teño varios pés plantados na miña hortiña á espera de que saian tan saborosos como os do verán pasado.

Paseino moi ben respondendo ás vosas preguntas! Espero que sigades lendo, sendo tan curiosos e curiosas e facendo entrevistas así de boas! Un pracer esta conversa escrita convosco.




Unha aperta moi grande!
(e un verán cheo de pementos e literatura)

Andrea Maceiras



AGRADECEMENTOS



Un ano máis, queremos darlle infinitas grazas a todos/as os/as mestres/as, alumnado e ao resto da comunidade educativa por facer posible a edición desta revista. Son moitas horas de coordinación a longo do curso, moitas horas de planificación, de traballo, de artellar ideas, de procurar recursos... as que se precisan para levar a cabo todas as actividades que se desenvolven no centro. Esta revista está chea de exemplos dese traballo, un traballo en equipo cuxo obxectivo non é outro máis que facilitar a adquisición de aprendizaxes dende a experimentación e o descubrimento da nosa contorna próxima, pensando sempre nos seus protagonistas: os nenos e nenas do Cruceiro.

GRAZAS!

Equipo TIC

